

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

- 11505** *Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.*

I

O 25 de decembro de 2016 entrou en vigor o Real decreto lei 7/2016, do 23 de decembro, polo que se regula o mecanismo de financiamento do custo do bono social e outras medidas de protección ao consumidor vulnerable de enerxía eléctrica.

O citado real decreto lei modificou o artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, en cuxo número 1 se establece que «a definición dos consumidores vulnerables e das súas categorías e os requisitos que deben cumprir, así como as medidas que cómpre adoptar para estes colectivos serán determinadas regulamentariamente polo Goberno».

De igual modo, a nova redacción dada ao citado artigo 45 dispón que «o bono social será asumido polas matrices dos grupos de sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica, ou polas propias sociedades que así o fagan se non forman parte de ningún grupo societario», e iso «de forma proporcional á cota de clientes aos cales lles subministren enerxía eléctrica», e indícase que o Goberno deberá establecer regulamentariamente o procedemento e as condicións para a determinación da porcentaxe de repartición.

O citado real decreto lei modificou tamén o artigo 52 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, co fin de incorporar unha nova categoría no colectivo de subministracións de enerxía eléctrica que teñen carácter de esenciais. Así, dispónse que, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente, as subministracións a consumidores que teñan a condición de vulnerables severos acollidos a tarifas de último recurso e que estean a ser atendidos polos servizos sociais das administracións públicas competentes en relación coas ditas subministracións por encontrarse, en atención á súa renda, en risco de exclusión social, terán carácter de esenciais.

Nesta mesma liña, modificouse o mesmo artigo 52 co fin de ampliar ata catro meses, para os consumidores vulnerables que se determinen regulamentariamente, o prazo cuxo transcurso desde o primeiro requirimento de pagamento da factura eléctrica faculta a suspensión da subministración en caso de impagamento.

Así mesmo, regúlase a obriga de que os mesmos suxeitos a que corresponde financiar o bono social cofinancien coas administracións públicas competentes o custo que derive da subministración de enerxía eléctrica ao novo colectivo de consumidores en risco de exclusión social, e remítase ao ulterior desenvolvemento regulamentario a determinación tanto dos mecanismos e actuacións necesarios para a asignación das ditas achegas como do procedemento e condicións para o seu financiamento.

A teor de todo o exposto, e atendida a previsión da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 7/2016, do 23 de decembro, por medio do presente real decreto procédese ao necesario desenvolvemento regulamentario das medidas así adoptadas con ocasión da aprobación daquel.

Destá forma, o presente real decreto define a figura do consumidor vulnerable e asóciase, como regra xeral, a determinados limiares de renda referenciados ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), en función do número de membros que compoñan a unidade familiar. Estes limiares poden verse incrementados se se acredita a concorrencia nun dos membros da unidade familiar de determinadas circunstancias especiais. Adicionalmente, recoñécese a determinados colectivos a percepción do bono social con independencia do seu nivel de renda.

Dentro dos consumidores vulnerables, establécese un bono social de maior contía para os consumidores vulnerables severos, que son definidos por referencia a limiares de renda máis baixos que os sinalados con carácter xeral.

Créase, ademais, unha categoría diferenciada dentro dos consumidores vulnerables severos, isto é, os consumidores en risco de exclusión social, que serán aqueles que, cumprindo os limiares de renda de aplicación, estean a ser atendidos polos servizos sociais dunha Administración autonómica ou local nos termos previstos neste real decreto. Para ter a condición de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social, e de conformidade co Real decreto lei 7/2016, do 23 de decembro, o real decreto determina que o custo da súa factura eléctrica deberá ser cofinanciado pola Administración pública correspondente e polas matrices dos grupos de sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica, ou polas propias sociedades que así o fagan, se non forman parte de ningún grupo societario. Baixo estas condicións, a presente norma determina a imposibilidade de que a subministración deste colectivo de consumidores en risco de exclusión social poida verse suspendida.

O anterior posibilita unha canle de cooperación interadministrativa, que se materializa a través da participación potestativa das administracións con competencias en materia de servizos sociais no mecanismo de cofinanciamento das subministracións dos consumidores vulnerables severos que se encontren en risco de exclusión de social no seu territorio, o que constitúe un mecanismo adicional de protección aos consumidores en situación de pobreza enerxética e vulnerabilidade aos xa existentes.

II

Segundo Eurostat, os principais indicadores para medir a pobreza enerxética son a porcentaxe de poboación que ten atrasos no pagamento das súas subministracións enerxéticas e que non pode manter a súa vivenda a unha temperatura adecuada. En España, estas porcentaxes son aproximadamente do 9 por cento e 10 por cento, respectivamente. Iso significa que, aproximadamente, uns 4,5 millóns de persoas poderían estar en risco de pobreza enerxética.

Polo tanto, o volume de fogares estimado que deriva da metodoloxía de asignación do bono social aprobada por este real decreto considérase que é máis que suficiente para a cobertura total de todas as persoas con risco de pobreza enerxética que hai actualmente en España. E é que, en rigor, non se trata de ampliar sen máis o colectivo de consumidores baixo a protección do bono social senón de garantir que a cobertura do bono social atenda eficazmente todos os consumidores que realmente o necesitan, e o sistema proposto neste real decreto así o fai.

Ademais do anterior, o real decreto establece o procedemento para que o consumidor poida solicitar o bono social e o comercializador de referencia, a través da correspondente aplicación electrónica que estará dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, comprobe o cumprimento dos requisitos para ser consumidor vulnerable e, se é o caso, vulnerable severo.

Recóllense así os principais aspectos relativos á aplicación do bono social, as condicións para a súa renovación e a obriga de que o consumidor comunique calquera cambio nas condicións que dan dereito á súa percepción.

Por outra parte, outórgase un prazo de seis meses desde que entre en vigor a orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital pola que se estableza o modelo de solicitude do bono social, a documentación acreditativa que, se é o caso, deba achegar o consumidor ao comercializador de referencia xunto coa solicitude, así como o detalle dos mecanismos de comprobación dos requisitos, para que os consumidores que, na data de aprobación deste real decreto, perciban o bono social, poidan solicitar a súa renovación baixo as novas condicións establecidas no real decreto.

Por outro lado, o presente real decreto desenvolve o réxime de financiamento do bono social que, como estableceu o Real decreto lei 7/2016, do 23 de decembro, será asumido polas matrices dos grupos de sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica ou polas propias sociedades que así o fagan se non forman parte de

ningún grupo societario. Así mesmo, o texto recolle o método polo que se determinarán cada ano as porcentaxes de repartición da contía asociada ao bono social que financiará cada sociedade ou grupo de sociedades, así como un procedemento para levar a cabo a correspondente regularización, nos casos en que sexa necesario.

Estas sociedades ou grupos de sociedades asumirán tamén de forma parcial o custo da subministración dos consumidores en risco de exclusión social, xa que este está cofinanciado polas administracións autonómicas ou locais correspondentes.

Por último, o articulado regula as condicións en que pode ser suspendida a subministración ás persoas físicas que sexan titulares dun punto de subministración na súa vivenda habitual cunha potencia contratada igual ou inferior a 10 kW, e recolle, como xa establece o antes referido Real decreto lei 7/2016, do 23 de decembro, a ampliación de dous a catro meses do prazo para poder iniciar o procedemento de suspensión cando se trate de consumidores vulnerables acollidos ao bono social.

Neste sentido, o real decreto desenvolve con detalle as comunicacións e, se é o caso, requirimentos de pagamento que o comercializador lles debe remitir, unha vez superado o prazo de pagamento da factura, ás persoas físicas que sexan titulares dun punto de subministración na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW, así como a información que debe incluír naqueles para informalo da posibilidade de quedar acollido ao PVPC e, en caso de se cumpriren os requisitos establecidos no real decreto, de solicitar o bono social.

O anterior complementa a regulación xeral sobre a suspensión da subministración por impagamento recollida actualmente na sección 4.^a do capítulo I do título VI do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, circunscibindo as novas medidas á suspensión das subministracións de consumidores persoas físicas titulares dun contrato de subministración na súa vivenda habitual con potencia contratada ata 10 kW.

Previamente á elaboración do real decreto realizouse a consulta pública, de conformidade co artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, no portal web do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

De conformidade co artigo 26.6 da mencionada Lei 50/1997, do 27 de novembro, o trámite de audiencia deste real decreto foi cumprido mediante consulta aos representantes do Consello Consultivo de Electricidade, de acordo co previsto na disposición transitoria décima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e, por outra parte, este real decreto foi sometido a información pública, no portal web do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Segundo o establecido no artigo 5.2.a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sobre o disposto no presente real decreto emitiu informe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a través do seu «Informe sobre o proxecto de Real decreto polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable de enerxía eléctrica, o bono social e as condicións de suspensión da subministración para consumidores con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW», aprobado pola Sala de Supervisión Regulatoria o 21 de xuño de 2017.

Así mesmo, o presente real decreto foi sometido ao informe previo da Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto nos artigos 37.h) da Lei orgánica, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e 5.b) do Estatuto da Axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2017,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto:

1. Definir o consumidor vulnerable, así como os requisitos que debe cumprir e acreditar, atendendo ás súas características sociais, de consumo e nivel de renda.
2. Establecer as condicións e o procedemento para solicitar o bono social a que poderá acollerse o consumidor que cumpra os requisitos para ser vulnerable, así como os prezos das tarifas de último recurso (TUR) que lle serán de aplicación.
3. Definir o mecanismo de financiamento e cálculo do bono social, así como do custo da subministración do consumidor a que fai referencia o artigo 52.4.j) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.
4. Regular as condicións en que pode ser suspendida a subministración á persoa física que sexa titular dun punto de subministración na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW, e os supostos e condicións baixo os cales non poderá ser suspendida a subministración ao consumidor a que fai referencia o artigo 52.4.j) da referida lei.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto no presente real decreto será de aplicación aos consumidores persoas físicas que sexan titulares dun punto de subministración de electricidade na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW que cumpran os requisitos establecidos neste real decreto.
2. Así mesmo, o real decreto resultará de aplicación aos comercializadores de electricidade, así como aos demais suxeitos e axentes que participen nos mecanismos que se regulan para a aplicación do disposto nel.

CAPÍTULO II

Consumidor vulnerable

Artigo 3. *Definición de consumidor vulnerable.*

1. Para os efectos deste real decreto e demais normativa de aplicación, terá a consideración de consumidor vulnerable o titular dun punto de subministración de electricidade na súa vivenda habitual que, sendo persoa física, estea acollido ao prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC) e cumpra os restantes requisitos do presente artigo.
2. Para que un consumidor de enerxía eléctrica poida ser considerado consumidor vulnerable deberá cumprir algún dos requisitos seguintes:
 - a) Que a súa renda ou, no caso de formar parte dunha unidade familiar, a renda conxunta anual da unidade familiar a que pertenza sexa igual ou inferior:
 - a 1,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) de 14 pagas, no caso de que non forme parte dunha unidade familiar ou non haxa ningún menor na unidade familiar;
 - a 2 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa un menor na unidade familiar;
 - a 2,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous menores na unidade familiar.

Para estes efectos, considérase unidade familiar a constituída conforme o disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

b) Estar en posesión do título de familia numerosa.

c) Que o propio consumidor e, no caso de formar parte dunha unidade familiar, todos os seus membros que teñan ingresos, sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social por xubilación ou incapacidade permanente, con percepción da contía mínima vixente en cada momento para as ditas clases de pensión, e non perciban outros ingresos.

3. Os multiplicadores de renda respecto do índice IPREM de 14 pagas establecidos no número 2.a) incrementaranse, en cada caso, en 0,5, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias especiais:

a) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.

b) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar acredite a situación de violencia de xénero, conforme o establecido na lexislación vixente.

c) Que o consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña a condición de vítima de terrorismo, conforme o establecido na lexislación vixente.

4. Cando, cumprindo os requisitos anteriores, o consumidor e, se é o caso, a unidade familiar a que pertenza teñan unha renda anual inferior ou igual ao 50% dos limiares establecidos no número 2.a), incrementados, se é o caso, conforme o disposto no número 3, o consumidor será considerado vulnerable severo. Así mesmo, tamén será considerado vulnerable severo cando o consumidor e, se é o caso, a unidade familiar a que pertenza teñan unha renda anual inferior ou igual a unha vez o IPREM a 14 pagas ou dúas veces este, no caso de que se encontre na situación do número 2.c) ou 2.b), respectivamente.

5. En todo caso, para que un consumidor sexa considerado vulnerable deberá acreditar o cumprimento dos requisitos recollidos no presente artigo nos termos que se establezan mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Artigo 4. *Consumidor en risco de exclusión social.*

1. Para os efectos deste real decreto e demais normativa de aplicación denominarase consumidor en risco de exclusión social o consumidor que reúna os requisitos para ser vulnerable severo, segundo o establecido no artigo 3, e que sexa atendido polos servizos sociais dunha Administración autonómica ou local que financie polo menos o 50 por cento do importe da súa factura, nos termos previstos no presente real decreto, o que será acreditado mediante documento expedido polos servizos sociais das referidas administracións públicas.

2. A subministración a un consumidor que acredite os requisitos do punto anterior e estea acollido á tarifa de último recurso (TUR) correspondente será considerada subministración de electricidade esencial, de acordo co previsto no artigo 52.4.j) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Artigo 5. *Obrigas de información para a protección ao consumidor que cumpra os requisitos para ser considerado vulnerable.*

1. Cando a empresa comercializadora realice a comunicación ou, se é o caso, o requirimento de pagamento previstos no artigo 19 a un consumidor titular dun punto de subministración de electricidade en mercado libre que cumpra os requisitos para acollerse ao PVPC, deberá advertir expresamente na dita comunicación ou requirimento da posibilidade que ten de acollerse ao PVPC e de solicitar, de cumprir as condicións previstas

na normativa, o bono social. Así mesmo, o comercializador informará o consumidor de que o PVPC e, se é o caso, o bono social só lle poderá ser aplicado por un comercializador de referencia.

2. Cando un consumidor que teña contratada a súa subministración en libre mercado solicite ao seu comercializador acollerse ao PVPC, este terá a obriga de informalo de que esta modalidade de contratación só pode levala a cabo un comercializador de referencia.

3. Neste caso, o cambio da modalidade de contratación a PVPC, acreditando os requisitos para ser considerado vulnerable, sempre que non se modifiquen os parámetros recollidos no contrato de acceso de terceiros á rede, levarase a cabo sen ningún tipo de penalización nin custo adicional para o consumidor.

Os procedementos de cambio de comercializador e os formatos de intercambio de información asociados que sexan aprobados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia segundo a normativa vixente establecerán as previsións necesarias para que o comercializador saínte teña a información que lle permita aplicar o anterior.

4. No caso de que un consumidor que cumpra os requisitos para percibir o bono social e queira solicitar a súa aplicación non figure como titular do punto de subministración de electricidade en vigor, a solicitude de modificación de titularidade do contrato de subministración de electricidade poderase realizar de forma simultánea á solicitude do bono social.

Neste caso, non se aplicará o disposto no artigo 83.5 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración de electricidade e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sobre a revisión das instalacións de máis de vinte anos.

5. Cando un consumidor que estea acollido ao bono social vaia subscribir un contrato cun comercializador en mercado libre, o comercializador entrante deberá informar expresamente o consumidor, no marco das obrigas recollidas no artigo 46 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, de que a subscripción do novo contrato en libre mercado implicará que non resulte aplicable o bono social.

Esta información achegarase ao consumidor en documento individual e independente que leve por título «Renuncia á aplicación do bono social», que deberá ser asinado polo consumidor como requisito necesario para a válida subscripción do novo contrato, conforme o modelo contido no anexo VII.

Do mesmo modo, cando un consumidor que, estando acollido ao PVPC, non sexa perceptor do bono social, vaia subscribir un contrato en mercado libre, o comercializador entrante deberá informar expresamente o consumidor de que, se cumpre os requisitos para acollerse ao bono social, a subscripción do novo contrato impedirá a aplicación daquel.

6. O incumprimento destas medidas de protección ao consumidor con dereito a acollerse ao PVPC poderá ser sancionado de acordo co disposto no artigo 65.25 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

CAPÍTULO III

Bono social de aplicación ao consumidor vulnerable

Artigo 6. *Bono social de aplicación ao consumidor vulnerable.*

1. O consumidor vulnerable poderá beneficiarse, nas condicións establecidas no presente real decreto, dun desconto na súa factura denominado bono social.

2. O bono social será un desconto sobre o PVPC, calculado segundo o disposto no Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación, que se aplicará na factura do consumidor.

O prezo resultante do dito desconto será a TUR.

3. A TUR de aplicación ao consumidor vulnerable será o prezo resultante de aplicar un desconto do 25 por cento en todos os termos que compoñen o PVPC.

No caso do consumidor vulnerable severo, o desconto será do 40 por cento.

En ambos os casos, o desconto será aplicado tendo en conta o límite de enerxía subministrada previsto para a facturación do termo de enerxía do PVPC por período de facturación, segundo se establece no anexo I.

O desconto do 25 por cento ou, se é o caso, do 40 por cento, que corresponda aplicar na factura sobre o termo de enerxía do PVPC, aplicarase sobre o valor obtido como resultado de multiplicar o importe que correspondería por facturación do termo de enerxía do PVPC sen desconto pola relación entre o límite máximo de enerxía no período de facturación e o consumo de enerxía total no dito período de facturación.

A enerxía subministrada ao consumidor vulnerable e vulnerable severo por enriba do dito límite no período de facturación seralle facturada ao PVPC.

4. O bono social será aplicado polo comercializador de referencia na factura do consumidor vulnerable e vulnerable severo. O Sistema de información de puntos de subministración de electricidade (SIPS) deberá estar actualizado coa dita información, incluíndo unha referencia á percepción do bono social.

Para estes efectos, o comercializador de referencia remitirá ao distribuidor mensualmente unha listaxe das subministracións conectadas á súa rede ás cales se estea aplicando o bono social.

Artigo 7. *Solicitud de bono social.*

1. Mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital detallaranse os termos en que os consumidores titulares dos puntos de subministración poderán solicitar a aplicación do bono social.

Na orde determinaranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) O modelo de solicitude de aplicación de bono social, en que o interesado deberá incluír a lista de persoas que conforman a unidade familiar a que pertence.
- b) A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 que, se é o caso, deba xuntarse á dita solicitude.
- c) Os criterios de cómputo do requisito de renda.
- d) Os mecanismos con que se comprobarán os requisitos establecidos no presente real decreto para ser consumidor vulnerable e vulnerable severo e percibir o bono social.

2. O consumidor que se queira acoller ao bono social deberá presentar ao comercializador de referencia a correspondente solicitude axustada ao modelo que se aprobe, xunto coa documentación que, se é o caso, se indique no dito modelo. Tal solicitude poderá presentarse por algún dos seguintes medios:

- a) Por teléfono, a través do número dispoñible na páxina web do comercializador de referencia. Este será publicado tamén na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- b) Nas oficinas do comercializador de referencia, cando estas existan.
- c) Por fax ou a través do enderezo de correo electrónico que comunique o comercializador de referencia na súa páxina web e na súa factura.
- d) Por correo postal no enderezo que comunique o comercializador de referencia na súa páxina web e na súa factura.
- e) A través da páxina web do comercializador de referencia.

3. Na páxina web do comercializador de referencia, así como nas súas oficinas de atención presencial ao consumidor, cando estas existan, deberán estar dispoñibles os formularios de solicitude para tales efectos.

4. Na citada solicitude tanto o titular do punto de subministración de electricidade coma os restantes membros maiores de 14 anos e con capacidade para obrar que, se é o caso, integren a unidade familiar a que pertenza deberán dar o seu consentimento expreso para que, para os efectos de comprobación dos requisitos a que se subordina a aplicación do bono social, o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital poida solicitar información doutras administracións competentes na materia. No caso das familias numerosas, a

solicitudade recollerá de maneira expresa que o consentimento se estenderá durante a vixencia do correspondente título de familia numerosa.

5. Así mesmo, na citada solicitudade tanto o titular do punto de subministración coma os restantes membros maiores de 14 anos e con capacidade para obrar que, se é o caso, integren a unidade familiar a que pertenza darán o seu consentimento expreso para que a comercializadora de referencia poida solicitar en calquera momento información das administracións correspondentes, ben das autonómicas ou locais cuxos servizos sociais estean a atender ou vaian atender o consumidor que cumpra os requisitos para ser vulnerable, ben da Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

O consentimento outorgado á comercializadora de referencia en ningún caso implicará a autorización para ter acceso á información sobre as circunstancias especiais que se recollen no artigo 3.3.

6. O consentimento prestado, que se estenderá durante o período de aplicación do bono social, pode ser libremente revogado en calquera momento, a partir do cal non se poderá comprobar se concorren as circunstancias necesarias para ser considerado consumidor vulnerable e, en consecuencia, non se poderá ser beneficiario do bono social a partir do dito momento.

Artigo 8. *Comprobación dos requisitos para a aplicación do bono social.*

1. Unha vez recibida a solicitudade de aplicación do bono social, o comercializador de referencia, a través da plataforma informática dispoñible para tal efecto na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, comprobará os datos que figuren nela.

Os mecanismos de intercambio da dita información serán establecidos na orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital referida no artigo 7.1.

2. O comercializador de referencia dispoñerá dun prazo máximo de quince días hábiles, contados desde a recepción da solicitudade completa do bono social coa documentación acreditativa que, se é o caso, sexa necesaria, para comunicar ao solicitante o resultado das comprobacións efectuadas para a aplicación do bono social.

No caso de que a solicitudade sexa denegada, o comercializador de referencia deberá indicar ao solicitante a razón de tal denegación.

Se existen discrepancias, os consumidores poderán reclamar ante os servizos de consumo correspondentes, nos termos que estableza a normativa de defensa dos consumidores.

3. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital poderá solicitar, ao abeiro do disposto no artigo 7.4 e conforme o disposto na orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, información doutras administracións competentes na materia para os únicos efectos da comprobación do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 3. En ningún caso a empresa comercializadora de referencia accederá aos datos concretos relativos á renda que sexan cedidos polas administracións ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

4. Sen prexuízo dos medios de acreditación e mecanismos de comprobación dos requisitos para ser receptor do bono social que se determinen na citada orde ministerial, a empresa comercializadora de referencia poderá, ao abeiro do disposto no artigo 7.5, asinar convenios de colaboración coas distintas administracións autonómicas ou locais competentes.

5. Así mesmo, a Administración autonómica ou local cuxos servizos sociais estean a atender o consumidor que cumpra os requisitos para ser considerado vulnerable severo poderá comunicar este feito á comercializadora de referencia, ao abeiro do disposto no artigo 7.5.

6. Cando as Administracións autonómicas ou locais creasen e puxesen en marcha un rexistro administrativo de puntos de subministración de electricidade para os consumidores en risco de exclusión social, poderán solicitar a colaboración da Administración xeral do Estado para compartir os datos, de tal forma que os comercializadores de referencia poidan efectuar as consultas correspondentes nel.

7. En todo caso, a información achegada pola Administración competente na materia que corresponda ou pola Administración autonómica ou local cuxos servizos sociais estean atendendo o consumidor en risco de exclusión social garantirá o cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 9. *Aplicación do bono social.*

1. O bono social devindicárase a partir do primeiro día do ciclo de facturación en que teña lugar a recepción da solicitude completa coa documentación acreditativa que, se é o caso, sexa necesaria. Aplicarase na seguinte factura, sempre que a dita factura se emita transcorridos como mínimo quince días hábiles desde a recepción da solicitude completa do consumidor polo comercializador de referencia. No caso contrario, a aplicación realizarase desde a factura inmediatamente posterior. Todo iso, salvo perda dalgunha das condicións que dan dereito á súa percepción

2. O bono social aplicarase durante o prazo de dous anos, salvo que con anterioridade se produza a perda dalgunha das condicións que dan dereito á súa percepción. O dito prazo de dous anos será prorrogable nos termos establecidos no artigo 10.

O bono social non será prorrogable no caso de que fose retirado o consentimento outorgado, segundo se dispón no artigo 7, polo titular ou por calquera dos membros da unidade familiar para a comprobación dos requisitos de percepción deste.

3. No caso das familias numerosas que sexan receptoras do bono social, a aplicación do bono social estenderase ao período en que se encontre vixente o correspondente título de familia numerosa.

4. No caso de que antes do prazo de dous anos, ou antes de que finalice o período de vixencia do título de familia numerosa, se produza a perda dalgunha das condicións que dan dereito á percepción do bono social, este deixará de ser aplicado desde o día en que se materialice a perda da condición.

O comercializador de referencia regularizará a subministración de electricidade aplicando o PVPC, calculado segundo o disposto no Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, na seguinte factura que emita, sempre que teña coñecemento deste feito quince días hábiles antes da emisión da factura. No caso contrario, a regularización realizarase desde a factura inmediatamente posterior.

5. O comercializador de referencia deberá presentar, antes do día 15 de cada mes, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información da facturación correspondente ao mes anterior dos consumidores aos cales aplicase o bono social, con desagregación de períodos e facturación, para determinar a contía total do bono social aplicado e as liquidacións asociadas.

6. Estas liquidacións realizaranse considerando que a contía total do bono social é financiada de acordo coas porcentaxes de repartición e co procedemento previsto no capítulo V, en aplicación do artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará a liquidación do bono social. Para estes efectos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará e remitirá ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, con carácter trimestral, un informe detallado de seguimento, no cal se inclúa información sobre o número de beneficiarios. Este informe incorporará, ademais, a información que, se é o caso, sexa determinada mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. Pola súa parte, o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, en coordinación co resto de organismos implicados, fará un seguimento da aplicación do bono social.

8. En caso de discrepancias na aplicación do bono social, os consumidores poderán reclamar ante os servizos de consumo correspondentes, nos termos que estableza a normativa de defensa dos consumidores.

Artigo 10. *Renovación do bono social.*

1. Antes da finalización do prazo de dous anos recollido no artigo 9.2 e, en todo caso, cunha antelación mínima de quince días hábiles á finalización do dito prazo, o consumidor titular do punto de subministración de electricidade acollido ao bono social poderá solicitar a súa renovación, nos termos previstos no artigo 7, que, en caso de cumprir as condicións establecidas no presente real decreto, outorgará o dereito a seguir percibindo o bono social durante o prazo de dous anos adicionais, contados desde a finalización daquel prazo. A dita renovación poderá solicitarse novamente antes do termo dos ditos dous anos adicionais e, sucesivamente, antes da finalización de cada unha das posteriores renovacións, en canto se manteñan os requisitos que dan dereito á aplicación do bono social, así como o consentimento expreso do titular e de todos os membros da súa unidade familiar maiores de 14 anos e con capacidade para obrar para a comprobación dos requisitos.

O bono social, de acordo co establecido no artigo 9.2, non poderá renovarse se para a comprobación dos requisitos non existe o consentimento expreso, recollido no artigo 7, do interesado ou dos membros que compoñen a súa unidade familiar.

Quedarán eximidas de solicitar a renovación do bono social as familias numerosas mentres se encontre vixente o correspondente título de familia numerosa.

2. Unha vez recibida a solicitude, seguirá aplicándose o bono social ao consumidor nos mesmos termos en que se aplicaba ata que aquela teña resposta e, para a comprobación do mantemento do cumprimento dos requisitos recollidos no artigo 3, seguirá observándose o establecido no artigo 8.

3. Unha vez comprobado o mantemento de tales requisitos, o comercializador de referencia comunicará ao consumidor a renovación do bono social polo prazo de dous anos, con expresa indicación da data ata a cal resultará de aplicación. Se o consumidor tiña a condición de vulnerable severo e se evidencia que xa non cumpre os requisitos do artigo 3.4, pero conserva, non obstante, a condición de consumidor vulnerable, ou, inversamente, se un consumidor vulnerable certifica que as súas circunstancias actuais lle outorgan a condición de vulnerable severo, o comercializador de referencia comunicarlle o novo desconto de aplicación desde a data de renovación, de acordo co artigo 6.3, e advertirlle que se aplicará o previsto no número 5. Finalmente, se se evidencia que o consumidor non ten xa dereito ao bono social, o comercializador de referencia deberá indicarlle así e advertirlle que se procederá conforme o previsto no número 5.

4. A empresa comercializadora de referencia estará obrigada a indicar ao consumidor, na última factura que emita antes do vencemento do prazo para solicitar a renovación do bono social, a data de tal vencemento, e a informalo de que, de non se solicitar a súa renovación antes desa data, deixará de serlle aplicable o bono social, sen prexuízo de que poida solicitalo novamente se segue cumprindo os requisitos que dan dereito á súa aplicación.

5. Desde a data en que ao consumidor titular do punto de subministración de electricidade deixe de serlle aplicable o bono social, o comercializador de referencia regularizará a subministración de electricidade aplicando o PVPC, calculado segundo o disposto no Real decreto 216/2014, do 28 de marzo. De igual modo, no suposto de que, renovándose o bono social, o consumidor perdesse ou adquirise de maneira sobrevida a condición de consumidor vulnerable severo, regularizárase o desconto aplicable desde a data en que deba facer efecto tal renovación.

Artigo 11. *Obrigación de actualización de datos.*

1. O consumidor acollido ao bono social ou, se é o caso, a Administración autonómica ou local cuxos servizos sociais estean a atender o consumidor en risco de exclusión social estarán obrigados a comunicar ao comercializador de referencia calquera cambio que supoña a perda da condición de consumidor vulnerable ou, se é o caso, de vulnerable severo, no prazo máximo dun mes desde que se produza o cambio nas condicións que dan dereito á percepción do bono social ou, se é o caso, a ser considerado consumidor en risco de exclusión social.

2. Para estes efectos, o consumidor poderá solicitar a renuncia á aplicación do bono social polos mesmos medios polos que pode presentar a solicitude conforme o artigo 7.

CAPÍTULO IV

Financiamento do custo da subministración de electricidade do consumidor en risco de exclusión social

Artigo 12. *Financiamento do custo da subministración de electricidade do consumidor en risco de exclusión social.*

1. Cando a Administración autonómica ou local cuxos servizos sociais estean a atender o consumidor que teña a condición de vulnerable severo acollido á correspondente tarifa de último recurso (TUR) a que fai referencia o artigo 52.4.j) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, asuma polo menos o 50 por cento do importe da súa factura a PVPC previamente á aplicación do desconto por bono social e o pagamento quede acreditado ante o comercializador de referencia no prazo de cinco meses desde a emisión da factura, o consumidor non terá que facer fronte ao custo da súa factura por ter sido cuberta pola

2. Administración correspondente, e con cargo ás empresas a través dos mecanismos regulados neste real decreto.

3. As empresas comercializadoras de referencia poderán subscribir convenios coas administracións autonómicas ou locais que establezan os mecanismos de coordinación para evitar a suspensión de subministración de electricidade por razón de impagamento a estes consumidores, co obxecto de que os servizos sociais correspondentes poidan prestar e acreditar mediante o correspondente certificado a axuda económica regulada no número 1 para o pagamento das facturas.

Os convenios que se subscriban atenderán ao establecemento de prazos concretos para o pagamento das obrigas que deles deriven, así como á acreditación fidedigna mediante certificado por parte das administracións autonómicas ou locais dos pagamentos efectuados ante a comercializadora de referencia. Terase en conta, para estes efectos, o prazo de cinco meses establecido no número 1.

4. Neste caso, a comercializadora de referencia, unha vez efectuado o pagamento do importe por parte da Administración correspondente segundo o disposto nos puntos anteriores, declarará ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de forma separada á contía que corresponda por aplicación do bono social, o importe restante da factura non asumido pola Administración autonómica ou local de acordo co establecido no artigo 15.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia liquidarao segundo o regulado nos artigos 14 e 15.

CAPÍTULO V

Mecanismo de financiamento do bono social e do custo da subministración de electricidade do consumidor en risco de exclusión social

Artigo 13. *Financiamento do bono social e do custo da subministración de electricidade do consumidor en risco de exclusión social.*

1. Conforme establece o artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o bono social será asumido polas matrices dos grupos de sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica, ou polas propias sociedades que así o fagan se non forman parte de ningún grupo societario. Para estes efectos, a definición de grupo de sociedades será a establecida no artigo 42 do Código de comercio, publicado por Real decreto do 22 de agosto de 1885.

2. Do mesmo modo, de acordo co disposto no referido artigo da Lei 24/2013, do 26 de decembro, as citadas sociedades ou grupos de sociedades asumirán, para cofinanciar coas administracións autonómicas ou locais correspondentes o custo da subministración de electricidade dos consumidores en risco de exclusión social, as contías que resulten de aplicar o disposto no artigo 12.

3. As administracións públicas non se considerarán suxeitos obrigados a financiar o bono social nin o custo do cofinanciamento da subministración de electricidade de enerxía eléctrica dos consumidores en risco de exclusión social. Si serán considerados como tales suxeitos obrigados as sociedades mercantís de titularidade pública e as empresas participadas polas administracións públicas que desenvolvan a actividade de comercialización.

4. No caso de empresas participadas por máis dunha sociedade matriz con obriga de asumir o custo do bono social e o custo do cofinanciamento da subministración de electricidade de enerxía eléctrica dos consumidores en risco de exclusión social, asignaranse ás ditas sociedades matrices o número de clientes, de forma proporcional á súa participación.

Este mesmo criterio será de aplicación no caso de empresas participadas por unha sociedade matriz con obriga de asumir os ditos custos e outros suxeitos sen a obriga de financeiros.

Se a empresa participada é, pola súa vez, suxeito obrigado só terá a obriga sobre a porcentaxe de clientes ou subministración de electricidade non incluídos nas participacións xa contabilizadas.

Artigo 14. *Método de cálculo das porcentaxes de repartición.*

1. A porcentaxe de repartición das cantidades que se financiarán relativas ao bono social e ao cofinanciamento da subministración de electricidade de enerxía eléctrica dos consumidores en risco de exclusión social será calculada anualmente pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

De acordo co previsto no artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a porcentaxe de repartición das cantidades que se financiarán calcularase para cada sociedade ou grupo de sociedades de forma proporcional á cota de clientes aos cales subministre enerxía eléctrica, como a relación entre un termo que será o valor medio anual de clientes que corresponda a cada un dos suxeitos obrigados, e outro termo que corresponderá á suma de todos os valores medios anuais de clientes do conxunto de sociedades comercializadoras.

Nos grupos societarios de que forme parte máis dunha comercializadora de enerxía eléctrica, o cálculo da cota de clientes aos cales se subministra enerxía eléctrica obterase agregando as cotas individuais de cada unha destas.

2. Para realizar o cálculo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia seguirá o seguinte método:

a) Solicitude de información.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia requirirá información ás empresas que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica, para os efectos de determinar se as ditas empresas no último ano completo, natural ou móbil, dispoñible no momento en que a dita comisión elabore a proposta de porcentaxes de repartición:

1.º Son sociedade matriz dun grupo de sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica.

2.º Forman parte dun grupo de sociedades no cal sociedades do grupo realicen a actividade de comercialización de enerxía eléctrica.

As empresas a que se solicitará información serán aquelas que poidan encontrarse en calquera das situacións descritas nos dous parágrafos anteriores.

Así mesmo, poderase requirir calquera outra información necesaria co fin de poder determinar a participación das sociedades nalgunha destas actividades.

b) Contraste da información obtida.

Unha vez obtida a información requirida de acordo coa alínea a) anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contrastará a información declarada por cada unha das sociedades coa información de que dispoña a dita comisión para o exercicio das súas competencias.

No caso de que, como consecuencia da comprobación realizada, sexa necesario tomar en consideración datos que difiran dos achegados polas sociedades ou se teñan en conta outros distintos, a citada comisión tomará a información que considere adecuada, xustificándoo e sen prexuízo de que esta circunstancia se poña de manifesto aos interesados.

c) Identificación de sociedades.

Unha vez analizada a información dispoñible, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia identificará as sociedades matrices dos grupos de sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica, ou as propias sociedades que así o fagan se non forman parte de ningún grupo societario, que deben asumir as cantidades relativas ao bono social e ao cofinanciamento da subministración de electricidade de enerxía eléctrica dos consumidores en risco de exclusión social, utilizando como criterio o disposto no artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 13 deste real decreto.

d) Cálculo da porcentaxe de financiamento.

Identificadas as sociedades, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calculará da porcentaxe de financiamento do bono social e do cofinanciamento da subministración de electricidade de enerxía eléctrica dos consumidores en risco de exclusión social aplicable a cada matriz do grupo empresarial ou, se é o caso, sociedade, correspondentes ao último ano completo, natural ou móbil, de acordo coa información que se dispoña segundo o punto anterior, de forma proporcional á cota de clientes a que subministre enerxía eléctrica, como a relación entre un termo que será o valor medio anual de clientes que corresponda a cada un os suxeitos obrigados e outro termo que corresponderá á suma de todos os valores medios anuais de clientes do conxunto de sociedades comercializadoras.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitar os datos e informacións que resulten necesarios para a aplicación do previsto no presente real decreto, que deberán proporcionar as sociedades, nos termos e prazos que se establezan. O seu incumprimento rexeráse pola normativa aplicable, en concreto, polas disposicións da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Para iso, a citada comisión poderá, no exercicio das súas funcións e, en concreto, en virtude do artigo 7, número 36, da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ditar as oportunas instrucións de desenvolvemento e de execución do presente real decreto.

4. Co fin de asegurar a adecuación da repartición ás concretas circunstancias do sector e posibilitar o seu público coñecemento e eventual control, a referida Comisión publicará na súa páxina web, antes do 10 de novembro de cada ano, a seguinte información, referida ao período considerado:

a) A relación de grupos de sociedades ou, se é o caso, sociedades, que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica que cumpran os requisitos previstos no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 13.

b) As medias anuais do número de clientes das citadas sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica e as porcentaxes que resultan para cada unha delas na proposta de repartición.

5. Unha vez identificadas as matrices dos grupos empresariais ou, se é o caso, sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica que deben asumir o custo do bono social e o custo do cofinanciamento da subministración de electricidade de enerxía eléctrica dos consumidores en risco de exclusión social, e realizado, así mesmo, o cálculo da porcentaxe de repartición das cantidades relativas a ambos os custos, a citada comisión remitirá a súa proposta ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital antes do 1 de decembro do ano anterior ao que corresponda fixar as porcentaxes para a súa aprobación por orde do ministro, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 15. Procedemento de liquidación das cantidades que se financiarán.

1. As achegas que deba realizar cada un dos suxeitos obrigados depositaranse nunha conta específica, en réxime de depósito, creada para o efecto polo organismo liquidador que será responsable da súa xestión.

2. A empresa comercializadora de referencia declarará, nos mesmos prazos establecidos para o bono social no artigo 9.5, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, as cantidades aboadas polas administracións autonómicas e locais correspondentes para os consumidores en risco de exclusión social.

3. A comercializadora de referencia só declarará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as cantidades correspondentes ao cofinanciamento unha vez que sexa aboada a factura correspondente pola Administración autonómica ou local e sexa emitido o correspondente certificado de pagamento.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nos mesmos prazos e condicións análogas ás das liquidacións efectuadas para o bono social, aboará á empresa comercializadora de referencia as cantidades que asumise do custo de cofinanciamento nestes casos, ata o límite anual que se estableza mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital logo de acordo da Comisión Delegada para Asuntos Económicos.

4. En ningún caso se liquidarán as cantidades correspondentes ao cofinanciamento cando o aboamento da factura dun consumidor pola Administración autonómica ou local correspondente non se acredite con anterioridade ao prazo de cinco meses contados desde a emisión da factura pola empresa comercializadora.

Artigo 16. Regularización das cantidades que se financiarán

1. Co fin de garantir a correcta aplicación do previsto no presente capítulo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá regularizar as cantidades achegadas polos distintos suxeitos e recoñecerá, se é o caso, os dereitos de cobramento ou obrigas de pagamento que correspondan.

2. Para estes efectos, as contías derivadas das porcentaxes de repartición establecidas na correspondente orde ministerial segundo o disposto no artigo 14.5 que deixen de ser achegadas por comercializadoras que cesasen na súa actividade ou que fosen inhabilitadas para o exercicio desta, serán asumidas polo resto de suxeitos obrigados. Esta regularización levarase a cabo no mesmo prazo que a última liquidación do sistema eléctrico antes da de peche e, posteriormente, se é necesario, nunha liquidación realizada ao mesmo tempo que a liquidación de peche. No caso de que, tras efectuárense as ditas liquidacións, queden cantidades pendentes de ser achegadas, estas serán asumidas polos suxeitos obrigados en virtude da orde ministerial que sexa publicada para o financiamento do bono social e o cofinanciamento da enerxía eléctrica subministrada aos consumidores en risco de exclusión social do ano seguinte, atendendo no referente á repartición de porcentaxes ao disposto no artigo 14.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e dará publicidade e información de xeito transparente na súa páxina web relativa á dita regularización.

Artigo 17. *Carácter revisable do mecanismo de financiamento.*

De acordo co disposto polo artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, o Goberno revisará polo menos cada catro anos o mecanismo de financiamento do bono social e o custo do cofinanciamento da subministración de electricidade de enerxía eléctrica dos consumidores en risco de exclusión social.

CAPÍTULO VI

Suspensión da subministración de electricidade a consumidores persoas físicas na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW

Artigo 18. *Período de pagamento da factura eléctrica.*

Para os contratos de subministración de electricidade acollidos ao PVPC e para aqueles contratos en mercado libre correspondentes á subministración de electricidade de persoas físicas na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW, o período de pagamento establécese en 20 días naturais desde a emisión da factura por parte da empresa comercializadora ou, se é o caso, no establecido entre as partes en contratos en mercado libre. No caso de que o último día do período de pagamento sexa sábado ou festivo, este vencerá o primeiro día laborable seguinte.

Artigo 19. *Prazos para a solicitude da suspensión de subministración de electricidade por impagamento para persoas físicas na súa vivenda habitual.*

1. Para os contratos de subministración de electricidade acollidos ao PVPC e para aqueles contratos en mercado libre correspondentes á subministración de electricidade de persoas físicas na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW, unha vez vencido o período de pagamento desde a emisión da factura por parte da empresa comercializadora establecido no artigo 18 cando este non se efectuase, a empresa comercializadora remitirá un escrito ao consumidor no prazo máximo de dous meses desde a emisión da factura, ou no momento en que se produza o rexeitamento do pagamento se é con posterioridade ao dito prazo, para informalo de tal circunstancia, de acordo co modelo recollido no anexo II.

A dita comunicación deberá practicarse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou o seu representante, así como da súa data e contido, no enderezo que, para os efectos de comunicación, figure no contrato de subministración de electricidade.

O incumprimento da obriga de información no prazo indicado supoñerá unha infracción grave, de conformidade co previsto no artigo 65.25 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

2. Cando o comercializador vaia levar a cabo, se é o caso, o procedemento de suspensión da subministración por impagamento, con posterioridade á comunicación de impagamento prevista no número 1, ou en substitución desta nos prazos previstos no citado número, o comercializador requirirá fidedignamente o pagamento ao consumidor utilizando o modelo recollido no anexo III.

O dito requirimento deberá practicarse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou o seu representante no enderezo que, para os efectos de comunicación, figure no contrato de subministración de electricidade, así como da súa data e contido.

En calquera caso, considerarase que o requirimento se realizou fidedignamente cando se realice por correo certificado ou por burofax. Tamén se considerará que o requirimento se realizou fidedignamente cando se realice por medios telemáticos mediante sinatura electrónica que permitan ter constancia da súa recepción.

No suposto de notificación infrutuosa, remitirase un segundo requirimento con igual contido transcorridos 7 días hábiles desde o primeiro. De existiren vías alternativas de notificación, empregaranse preferiblemente no segundo requirimento. Se, realizado este segundo requirimento, non é posible a súa notificación, especificaranse as circunstancias de ambos os intentos de notificación e considerárase efectuado o trámite.

3. Unha vez que o comercializador teña constancia da notificación do primeiro requirimento fidedigno de pagamento ou, en caso de que este fose infrutuoso, unha vez realizado o segundo requirimento fidedigno, o comercializador remitirá por medios electrónicos ao órgano que designe cada comunidade autónoma, único para todo o ámbito da comunidade, a listaxe dos puntos de subministración de electricidade aos cales se requirise o pagamento de acordo co disposto no número 2, con indicación da data a partir da cal a subministración de electricidade pode ser suspendida. Esta comunicación levarase a cabo co fin de poñer en coñecemento das administracións autonómicas, ou dos órganos que estas determinen, estas situacións de impagamento, e que poidan ser adoptadas as medidas necesarias que, se é o caso, se consideren oportunas.

A dita remisión actualízase polo menos semanalmente, por medios que aseguren a súa recepción, excluíndo aqueles puntos de subministración de electricidade para os que se procedeu ao pagamento.

Para esta remisión utilízase o modelo establecido no anexo V.

4. Cunha antelación de quince días hábiles á finalización do prazo establecido para o inicio do procedemento de suspensión, a empresa comercializadora volverá requirir fidedignamente o pagamento ao consumidor, se este non o fixo efectivo. O dito requirimento incluírá a data concreta a partir da cal a subministración de electricidade poderá ser suspendida, de acordo co contido recollido no anexo IV.

Cando transcorran dous meses desde que a empresa teña constancia da notificación do primeiro requirimento de pagamento ou, se é o caso, desde que a comercializadora realizase o segundo requirimento de pagamento, de acordo co disposto no número 2, sen que este se tivese feito efectivo, a empresa comercializadora poderá solicitar á empresa distribuidora, a través do procedemento e polos sistemas e medios telemáticos aprobados para tal efecto pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a suspensión da subministración de electricidade, o que determinará o inicio do procedemento de suspensión, con indicación de se debe rescindir ou non o contrato, salvo no caso dos consumidores vulnerables acollidos ao bono social, en que o dito prazo será de catro meses, e no suposto recollido no artigo 20.

Non se poderá sinalar como día para a interrupción un día festivo nin aqueles en que, por calquera motivo, non exista servizo de atención ao cliente tanto comercial como técnico para os efectos da reposición da subministración de electricidade, como tampouco a véspera daqueles días en que se dea algunha destas circunstancias.

Artigo 20. Non suspensión da subministración de electricidade ao consumidor en risco de exclusión social.

A subministración de electricidade do consumidor que teña a condición de vulnerable severo acollido á correspondente TUR e que estea a ser atendido, respecto á súa subministración de electricidade, polos servizos sociais dunha Administración autonómica ou local, en virtude do disposto no artigo 52.4.j) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, non poderá ser suspendida cando a Administración autonómica ou local cuxos servizos sociais estean a atender o consumidor asuma, polo menos, o 50 por cento do importe da súa factura a PVPC previo á aplicación do desconto por bono social, e o pagamento sexa efectuado e acreditado mediante o correspondente certificado ante o comercializador de referencia no prazo de cinco meses desde a emisión da factura.

Artigo 21. Procedementos de comunicación.

1. As empresas comercializadoras adoptarán as medidas organizativas necesarias para cumprir cos procedementos previstos neste real decreto. En particular, establecerán

os medios electrónicos necesarios para remitir ao órgano que designe cada comunidade autónoma as listaxes de titulares previstas no artigo 19.3 para os que se requirise fidedignamente o pagamento.

2. Sobre os medios electrónicos previstos no punto anterior informárase na páxina web das empresas comercializadoras, e será informada, mediante escrito, para tal efecto, a Administración competente en materia de servizos sociais en cada comunidade autónoma.

3. As comunidades autónomas designarán un organismo encargado de recibir as notificacións previstas neste real decreto.

4. As empresas comercializadoras estarán obrigadas a conservar no seu poder a acreditación das notificacións previstas no artigo 19.

5. O incumprimento da antelación prevista para a notificación da data a partir da cal pode ser interrompida a subministración de electricidade ao consumidor prevista no artigo 19.4, así como da obriga de remisión, coa antelación prevista, ao órgano que designe cada comunidade autónoma, das listaxes de titulares previstas no artigo 19.3, obrigará a atrasar o inicio do procedemento de suspensión da subministración de electricidade ata que medie o prazo apropiado entre a notificación e a data de interrupción.

6. O acceso, cesión e comunicación de datos e ficheiros de carácter persoal, así como a súa custodia, realizarase conforme a lexislación aplicable nesta materia.

Disposición adicional primeira. *Prazo de solicitude do bono social.*

1. Os comercializadores de referencia deberán remitir aos seus clientes acollidos ao PVPC a carta do anexo VI, xunto coas facturas que se emitan durante os seis meses seguintes á entrada en vigor da orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital a que se fai referencia no artigo 7.1, co fin de comunicar a existencia das novas condicións para aplicar o bono social e publicitar o procedemento para a solicitude deste.

2. Os potenciais beneficiarios da condición de consumidor vulnerable nos termos previstos neste real decreto poderán cursar a súa solicitude a partir da data de entrada en vigor da dita orde.

Disposición adicional segunda. *Remisión de información polos distribuidores sobre cortes de subministración.*

Os distribuidores remitirán con carácter anual, no primeiro trimestre do ano, ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital información relativa ao número de cortes de subministración, e as razóns destes, que se tivesen levado a cabo durante o ano anterior. Para estes efectos, por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderase establecer un formato e modelo para a remisión de información.

Disposición adicional terceira. *Comprobación dos requisitos para o bono social a través doutros mecanismos telemáticos que se articulen desde a Administración xeral do Estado.*

Os requisitos para a aplicación do bono social poderán ser comprobados a través doutros mecanismos que se establezan por medios telemáticos articulados desde a Administración xeral do Estado, como, se é o caso, a tarxeta social universal.

Disposición transitoria primeira. *Consumidores acollidos ao bono social no momento da entrada en vigor da orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital pola que se desenvolve o presente real decreto.*

1. Os consumidores de enerxía eléctrica que, na data en que entre en vigor a orde ministerial a que se refire o artigo 7.1, sexan beneficiarios do bono social dispoñerán do prazo de seis meses desde a data de entrada en vigor da dita orde para acreditar a condición de consumidor vulnerable de conformidade co disposto neste real decreto.

Transcorrido o dito prazo sen que a condición do consumidor vulnerable fose solicitada e acreditada, o bono social deixará de aplicarse a partir da primeira factura emitida polo comercializador de referencia, ou ben na factura inmediatamente posterior.

2. Durante este período transitorio o comercializador de referencia non poderá levar a cabo refacturacións por incorrecta aplicación dos límites de enerxía subministrada previstos no anexo I, das cales resulte un prexuízo económico para o consumidor.

3. Os consumidores de enerxía eléctrica que, na data en que entre en vigor a orde ministerial a que se refire o artigo 7.1 deste real decreto, sexan beneficiarios do bono social e estean inmersos nun procedemento de suspensión de subministración de electricidade por impagamento verán ampliado o prazo para a suspensión da subministración a 4 meses desde que se lles requirise fidedignamente o pagamento, sen que este se efectuase.

Disposición transitoria segunda. *Implementación da aplicación telemática.*

1. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital realizará os desenvolvementos informáticos necesarios para que a aplicación telemática que permita ao comercializador de referencia comprobar que o solicitante do bono social cumpre os requisitos recollidos no artigo 3 para ser considerado consumidor vulnerable estea dispoñible na sede electrónica do referido departamento.

2. Mentres non se desenvolva a dita aplicación, a acreditación e comprobación dos requisitos para ser beneficiario do bono social realizarase do modo que se estableza mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Disposición transitoria terceira. *Contratos que inclúan cláusulas que limiten o acollemento do consumidor ao PVPC.*

Os contratos actualmente en vigor que incorporen cláusulas que prevexan penalizacións, exclúan ou limiten de calquera outro modo o acollemento ao bono social do consumidor que cumpra os requisitos para ser considerado vulnerable, de acordo co disposto na disposición derradeira segunda, deberán ser modificados no prazo de dous meses contados desde a entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Prazo para a comunicación do resultado das comprobacións e primeiras facturacións do bono social.*

1. Durante os tres primeiros meses desde a entrada en vigor da orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital referida no artigo 7.1, o prazo de quince días hábiles para a comunicación ao solicitante das comprobacións efectuadas para a aplicación do bono social, a que fai referencia o artigo 8.2, será dun mes.

Do mesmo modo, durante os tres primeiros meses desde a entrada en vigor da referida orde, o bono social será de aplicación, nos termos previstos no artigo 9, na primeira factura sempre que esta se emita transcorrido como mínimo un mes desde a recepción da solicitude completa do consumidor polo comercializador de referencia.

2. O prazo de tres meses a que fai referencia o número 1 poderá ser modificado por resolución do secretario de Estado de Enerxía.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución,*

comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Introdúcese un novo artigo no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, coa seguinte redacción:

«Artigo 84 bis. *Suspensión da subministración a consumidores persoas físicas na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW.*

A suspensión da subministración de enerxía eléctrica a consumidores persoas físicas na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW seguirá o disposto no capítulo VI do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión.*

O Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un parágrafo ao final do artigo 4.5 coa redacción seguinte:

«Os contratos dos comercializadores en mercado libre non poderán incorporar cláusulas que prevexan penalizacións, exclúan ou limiten de calquera outro modo o acollemento ao bono social do consumidor que cumpra os requisitos para ser considerado vulnerable.»

Dous. Engádesse un parágrafo ao artigo 5 co seguinte contido:

«Os servizos adicionais que fosen contratados polo consumidor xunto coa subministración de electricidade deberán ser rescindidos á vez que a subministración de electricidade, salvo que o consumidor indique expresamente o contrario no momento da finalización do contrato.»

Tres. Engádesse o seguinte parágrafo ao final do artigo 7.1 con esta redacción:

«ag) Información relativa á aplicación do bono social ao consumidor.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións de desenvolvemento que resulten indispensables para asegurar a adecuada aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital,
ÁLVARO NADAL BELDA

ANEXO I

Límite de enerxía en cada período de facturación sobre a cal se aplicará o desconto no termo de facturación de enerxía do PVPC do consumidor acollido ao bono social

1. O límite máximo de enerxía a que fai referencia o artigo 6 por período de facturación, ao cal será aplicado o desconto sobre o termo de facturación de enerxía do PVPC, calculado conforme o disposto no artigo 8 do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, que resulte de aplicación ao consumidor acollido ao bono social, dependendo da situación da unidade familiar a que pertenza, calcularase rateando a enerxía anual máxima recollida na seguinte táboa entre o número de días que conformen o período de facturación.

2. Na factura informarase de forma separada sobre o consumo facturado con dereito a desconto e sobre o consumo que excede o límite e que, polo tanto, non será obxecto de desconto na factura.

Categorías	Límites máximos ao consumo (kWh)
Unidade familiar sen menores/demandante individual	1.200
Unidade familiar cun menor	1.680
Unidade familiar con dous menores	2.040
Unidade familiar familias numerosas	3.600
Unidade familiar/demandante individual-pensionistas (contía mínima)	1.680

ANEXO II

Apéndice I

Modelo de comunicación para informar sobre o vencemento do período de pagamento os consumidores persoas físicas en mercado libre que debe remitir a comercializadora

Informámolo de que venceu o período de pagamento da factura emitida con data do dd/mm/aaaa.

Como consecuencia, proximamente poderá serlle remitido un requirimento fidedigno de pagamento.

De non se aboar a cantidade debida, nun prazo de **2 meses** a partir da recepción do dito requirimento, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Sen prexuízo do anterior, se vostede cumpre os requisitos para ser consumidor vulnerable, pode solicitar a unha das empresas comercializadoras de referencia acollerse ao bono social, que supón un desconto sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC).

O cambio de modalidade no contrato para pasar a PVPC, sempre que non se modifiquen os parámetros recollidos no contrato de acceso de terceiros á rede, levarase a cabo sen ningún tipo de penalización nin custo adicional.

Unha vez acollido ao PVPC, e sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, o prazo para que a súa subministración de electricidade poida ser suspendida, de non ter sido aboada a cantidade debida, pasará a ser de **4 meses** (contados sempre desde a recepción do requirimento fidedigno de pagamento).

O enlace á páxina web da CNMC onde encontrará os datos necesarios para contactar coa comercializadora de referencia é o seguinte:

<https://www.cnmc.es/ambitos-de-actuacion/energia/mercado-electrico#listados>

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

Os requisitos para ser consumidor vulnerable veñen recollidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, os bonos sociais e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, do cal lle remitimos un extracto.

[Inclúase a continuación o texto do artigo 3 do citado real decreto]

Apéndice II

Modelo de comunicación para informar sobre o vencemento do período de pagamento os consumidores persoas físicas acollidos ao PVPC que debe remitir a comercializadora de referencia

Informámolo de que venceu o período de pagamento da factura emitida con data do dd/mm/aaaa.

Como consecuencia, proximamente poderá serlle remitido un requirimento fidedigno de pagamento.

De non se aboar a cantidade debida, nun prazo de **2 meses** a partir da recepción do dito requirimento, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Sen prexuízo do anterior, se vostede cumpre os requisitos para ser consumidor vulnerable, pode solicitar á súa comercializadora de referencia acollerse ao bono social, que supón un desconto sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC).

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, o prazo para que a súa subministración de electricidade poida ser suspendida, de non ter sido aboada a cantidade debida, pasará a ser de **4 meses** (contados sempre desde a recepción do requirimento fidedigno de pagamento).

Os requisitos para ser consumidor vulnerable veñen recollidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, os bonos sociais e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, do cal lle remitimos un extracto.

[Inclúase a continuación o texto do artigo 3 do citado real decreto]

Apéndice III

Modelo de comunicación para informar sobre o vencemento do período de pagamento os consumidores acollidos ao PVPC con bono social que debe remitir a comercializadora de referencia

Informámolo de que venceu o período de pagamento da factura emitida con data do dd/mm/aaaa.

Como consecuencia, proximamente poderá serlle remitido un requirimento fidedigno de pagamento.

De non se aboar a cantidade debida, nun prazo de **4 meses** a partir da recepción do dito requirimento, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo de acordo co disposto no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, do cal lle remitimos un extracto, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

[Inclúanse a continuación os requisitos para ser vulnerable severo conforme o artigo 3 do citado real decreto]

ANEXO III

Apéndice I

Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores en mercado libre que debe remitir a comercializadora

Mediante a presente comunicación, requíreselle o pagamento das cantidades debidas en concepto de consumo de enerxía eléctrica.

No día de hoxe, non pagou a/s factura/s emitida/s con data/s do dd/mm/aaaa, que ascende a un importe de xxx euros.

De non se aboar a cantidade debida, nun prazo de **2 meses a partir da notificación do presente requirimento**, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Sen prexuízo do anterior, se vostede cumpre os requisitos para ser consumidor vulnerable, pode solicitar a unha das empresas comercializadoras de referencia acollerse ao bono social, que supón un desconto sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC).

O cambio de modalidade no contrato para pasar a PVPC, sempre que non se modifiquen os parámetros recollidos no contrato de acceso de terceiros á rede, levarase a cabo sen ningún tipo de penalización nin custo adicional.

Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, unha vez accollido ao PVPC, o prazo para que a súa subministración de electricidade poida ser suspendida, de non ter sido aboada a cantidade debida, pasará a ser de **4 meses** (contados sempre desde a recepción do presente requirimento fidedigno de pagamento).

O enlace á páxina web da CNMC onde encontrará os datos necesarios para contactar coa comercializadora de referencia é o seguinte:

<https://www.cnmc.es/ambitos-de-actuacion/energia/mercado-electrico#listados>

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

Os requisitos para ser consumidor vulnerable veñen recollidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

[Inclúase a continuación o texto do artigo 3 do citado real decreto]

Apéndice II

Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores acollidos ao PVPC que debe remitir a comercializadora de referencia

Mediante a presente comunicación, requíreselle o pagamento das cantidades debidas en concepto de consumo de enerxía eléctrica.

No día de hoxe, non pagou a/s factura/s emitida/s con data/s do dd/mm/aaaa, que ascende a un importe de xxx euros.

De non se aboar a cantidade debida, nun prazo de **2 meses a partir da notificación do presente requirimento**, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Sen prexuízo do anterior, se vostede cumpre os requisitos para ser consumidor vulnerable, pode solicitar á súa comercializadora de referencia acollerse ao bono social, que supón un desconto sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC).

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, o prazo para que a súa subministración de electricidade poida ser suspendida, de non ter sido aboada a cantidade debida, pasará a ser de **4 meses** (contados sempre desde a recepción do presente requirimento fidedigno de pagamento).

Os requisitos para ser consumidor vulnerable veñen recollidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

[Inclúase a continuación o texto do artigo 3 do citado real decreto]

Apéndice III

Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores acollidos ao PVPC con bono social que debe remitir a comercializadora de referencia

Mediante a presente comunicación, requíreselle o pagamento das cantidades debidas en concepto de consumo de enerxía eléctrica.

No día de hoxe, non pagou a/s factura/s emitida/s con data/s do dd/mm/aaaa, que ascende a un importe de xxx euros.

De non se aboar a cantidade debida, nun prazo de **4 meses a partir da notificación do presente requirimento**, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo de acordo co disposto no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, do cal lle remitimos un extracto, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

[Inclúanse a continuación os requisitos para ser vulnerable severo conforme o artigo 3 do citado real decreto]

ANEXO IV

Apéndice I

Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores en mercado libre que debe remitir a comercializadora quince días hábiles antes da finalización do prazo para iniciar o procedemento de suspensión da subministración de electricidade

Mediante a presente comunicación, requíreselle o pagamento das cantidades debidas en concepto de consumo de enerxía eléctrica.

No día de hoxe, non pagou a/s factura/s emitida/s con data/s do dd/mm/aaaa, que ascende a un importe de xxx euros.

De non se aboar a cantidade debida, **a partir do día [data]**, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Sen prexuízo do anterior, se vostede cumpre os requisitos para ser consumidor vulnerable, pode solicitar a unha das empresas comercializadoras de referencia acollerse ao bono social, que supón un desconto sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC).

O cambio de modalidade no contrato para pasar a PVPC, sempre que non se modifiquen os parámetros recollidos no contrato de acceso de terceiros á rede, levarase a cabo sen ningún tipo de penalización nin custo adicional.

Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, unha vez accollido ao PVPC, o prazo para que a súa subministración de electricidade poida ser suspendida, de non ter sido aboada a cantidade **debida, ampliarase en 2 meses desde a data sinalada anteriormente**.

O enlace á páxina web da CNMC onde encontrará os datos necesarios para contactar coa comercializadora de referencia é o seguinte:

<https://www.cnmc.es/ambitos-de-actuacion/energia/mercado-electrico#listados>

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

Os requisitos para ser consumidor vulnerable veñen recollidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, os bonos sociais e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, do cal lle remitimos un extracto.

[Inclúase a continuación o texto do artigo 3 do citado real decreto]

Apéndice II

Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores acollidos ao PVPC que deba remitir a comercializadora de referencia quince días hábiles antes da finalización do prazo para iniciar o procedemento de suspensión da subministración de electricidade

Mediante a presente comunicación, requíreselle o pagamento das cantidades debidas en concepto de consumo de enerxía eléctrica.

No día de hoxe, non pagou a/s factura/s emitida/s con data/s do dd/mm/aaaa, que ascende a un importe de xxx euros.

De non se aboar a cantidade debida, **a partir do día [data]**, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Sen prexuízo do anterior, se vostede cumpre os requisitos para ser consumidor vulnerable, pode solicitar á súa comercializadora de referencia acollerse ao bono social, que supón un desconto sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC).

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside, para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

Sempre que se acreditasen os requisitos para ser consumidor vulnerable, o prazo para que a súa subministración de electricidade poida ser suspendida, de non ter sido aboada a cantidade **debida, ampliarase en 2 meses desde a data sinalada anteriormente**.

Os requisitos para ser consumidor vulnerable veñen recollidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, os bonos sociais e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, do cal lle remitimos un extracto.

[Inclúase a continuación o texto do artigo 3 do citado real decreto]

Apéndice III

Modelo de requirimento fidedigno de pagamento para consumidores acollidos ao PVPC con bono social que debe remitir a comercializadora de referencia quince días hábiles antes da finalización do prazo para iniciar o procedemento de suspensión da subministración de electricidade

Mediante a presente comunicación, requíreselle o pagamento das cantidades debidas en concepto de consumo de enerxía eléctrica.

No día de hoxe, non pagou a/s factura/s emitida/s con data/s do dd/mm/aaaa, que ascende a un importe de xxx euros.

De non se aboar a cantidade debida, **a partir do día [data]**, a empresa distribuidora poderá suspender a súa subministración de electricidade.

Adicionalmente, se vostede cumpre os requisitos para ser vulnerable severo de acordo co disposto no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, as condicións de suspensión da subministración de electricidade para consumidores persoas físicas titulares dun punto de subministración na súa vivenda habitual, do cal lle remitimos un extracto, pode poñerse en contacto cos servizos sociais do municipio e comunidade autónoma onde reside para que o informen sobre a posibilidade de atender o pagamento da súa subministración de electricidade.

[Inclúanse a continuación os requisitos para ser vulnerable severo conforme o artigo 3 do citado real decreto]

ANEXO V

Modelo de información que deben remitir as comercializadoras sobre os puntos de subministración de electricidade aos cales se requiriu o pagamento

De acordo co artigo 19.3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable de enerxía eléctrica, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, informámolo da listaxe actualizada de puntos de subministración de electricidade aos cales se requiriu o pagamento da factura.

Titular do contrato	NIF ou NIE do titular	Domicilio para os efectos de comunicacións	Domicilio do punto de subministración de electricidade	Data a partir da cal se pode suspender a subministración de electricidade (dd/mm/aaaa)

ANEXO VI

Modelo de comunicación que deben remitir as comercializadoras de referencia aos consumidores, xunto coa factura, durante os seis meses seguintes á entrada en vigor da orde ministerial prevista no artigo 7.1

Informámolo de que o dd/mm/aa entraron en vigor as novas condicións de aplicación ao bono social, que supón un desconto na factura sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC).

Os novos requisitos que deben cumprir os consumidores vulnerables que poden quedar acollidos ao bono social encóntranse recollidos no artigo 3 do recentemente aprobado Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, que se recollen na seguinte páxina.

Se vostede cumpre os requisitos sinalados e desexa solicitar a aplicación do bono social na súa factura, pode solicitalo presentando o modelo de solicitude dispoñible na nosa páxina web e nas nosas oficinas¹:

- a) Por teléfono, no número dispoñible na nosa páxina web e na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- b) Nas nosas oficinas².
- c) Por fax ou por medio do enderezo de correo electrónico dispoñibles na nosa páxina web e nas nosas facturas.

[Inclúase o enderezo da páxina web onde está indicado o número de fax e o enderezo de correo electrónico]

- d) Por correo postal no enderezo dispoñible na nosa páxina web e nas nosas facturas.
- e) A través da nosa páxina web.

[Inclúase o enderezo da páxina web onde está indicado o enderezo de correo postal]

O modelo de solicitude de bono social está dispoñible no seguinte enlace:

[Inclúase enlace ao enderezo da páxina web onde está dispoñible a solicitude do bono social]

De acordo coa normativa en vigor, se antes do dd/mm/aaaa non solicitou vostede a aplicación do bono social baixo as novas condicións e actualmente é vostede beneficiario, a partir da primeira factura que se emita desde a dita data, ou na inmediatamente posterior, deixará de resultarlle de aplicación o bono social e a súa subministración de electricidade facturarase ao PVPC.

[Inclúase na seguinte páxina o texto do artigo 3 do citado Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica]

¹ Se o comercializador de referencia dispón de oficinas de atención ao cidadán.

² Se o comercializador de referencia dispón de oficinas de atención ao cidadán.

ANEXO VII

Modelo de renuncia á aplicación do bono social

Mediante a sinatura do presente documento, como titular do contrato de subministración de enerxía eléctrica coa empresa [inclúase o nome da comercializadora de referencia], RENUNCIO expresamente á aplicación do bono social e, polo tanto, renuncio ao correspondente desconto na factura sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC) a que tería dereito de eu, ou a miña unidade familiar, cumprir algún dos requisitos seguintes:

- Cumprir os limiares de renda establecidos, tendo en conta a posible concorrencia das circunstancias especiais que aumentan os ditos limiares (discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, condición de violencia de xénero, condición de vítima de terrorismo).
- Estar en posesión do título de familia numerosa.
- Ser pensionista, ou que todos os membros da miña unidade familiar o sexan, do Sistema da Seguridade Social por xubilación ou incapacidade permanente, con percepción da contía mínima vixente en cada momento.

Lugar e data

Asinado,

[Inclúanse os datos do consumidor]